

NOTA INFORMATIVA

En relación coas listas provisionais de persoas admitidas e excluídas, e unha vez feitas as consultas para a verificación das circunstancias alegadas pola persoas aspirantes na súa solicitude, infórmase sobre a posibilidade de emenda das causas seguintes:

Cód	Causa Exclusión	Formas de emendar
100	Non autoriza e non aporta documentación para acreditar a identidade	-----
101	Non autoriza e non aporta documentación para acreditar a idade requirida	-----
11	Non autoriza e non aporta documentación para acreditar a nacionalidade	-----
53	Non aporta documentación de acreditación de identidade correcta ou está caducada	1ª
54	Non acredita a idade requirida	1ª
63	Non presenta e non autoriza a consulta da condición de familia numerosa xeral	-----
64	Non presenta e non autoriza a consulta da condición de familia numerosa especial	-----
65	Non presenta e non autoriza a consulta da condición de discapacidade	-----
66	Non presenta e non autoriza a consulta da condición de demandante de emprego 6 meses antes convocatoria	-----
67	Non presenta e non autoriza a consulta da condición de non percibir prestación ou subsidio por desemprego	-----
83	Non cumpre a condición de familia numerosa xeral	1ª ou 2ª
84	Non cumpre a condición de familia numerosa especial	1ª ou 2ª
85	Non cumpre a condición de discapacidade	1ª ou 2ª
86	Non cumpre a condición de demandante de emprego 6 meses antes convocatoria	1ª ou 2ª
87	Non cumpre a condición de non percibir prestación ou subsidio por desemprego	1ª ou 2ª
97	Non acredita o motivo de execución da taxa	1ª ou 2ª
99	Non acredita o requisito de nacionalidade	1ª

Formas de emendar:

1ª) Achegar a documentación xustificativa:

- DNI ou NIE en vigor.

- Certificado de familia numerosa de carácter xeral ou especial ou carné familiar en que conste o dito carácter.

- Certificado de discapacidade.

-Certificación expedida pola oficina de emprego na que conste que a persoa aspirante figura como demandante de emprego desde polo menos seis meses anteriores á data de publicación desta convocatoria no DOG.

- Certificación do Servizo Público de Emprego Estatal na que conste que na data de presentación da solicitude de participación no proceso selectivo non está a percibir a prestación ou o subsidio por desemprego.

- Resolución administrativa que recoñeza o motivo da execución.

- Documentación que acredite a nacionalidade requirida na base I.2.2

2ª) No caso de non poder acreditar a documentación xustificativa da exención solicitada poderá subsanar ingresando a parte que falta para o importe total da taxa, achegando copia da solicitude e a documentación xustificativa do pagamento co **modelo 730** (xustificante de pago de taxas, prezos, multas e sancións da Comunidade Autónoma de Galicia) subministrado pola Axencia Tributaria de Galicia. A que poderá acceder a través dos seguintes enlaces:

<http://www.atriga.gal/es/tributos-da-comunidade-autonoma/taxas-e-prezos/confeccion-on-line-impresos>

<https://sede.xunta.gal/tramites-e-servizos/pago-de-taxas>

Importes totais das taxas do ano 2023 (só terá que ingresar a parte que falta para o importe total da taxa):

Subgrupo A1 = 44,17 €

Subgrupo A2 = 38,02 €

Subgrupo C1 = 33,13 €

Subgrupo C2 = 26,99 €

AP Subalterno = 22,08 €

Códigos para o pagamento da taxa:

Código	Datos
05	Consellería de: Facenda e Administración Pública
13	Delegación de: Servizos Centrais
007	Servizo de: Función Pública
300302	Taxa: Inscrición nas oposicións para a selección de persoal da Comunidade Autónoma

As presentación de alegacións e a achega da documentación xustificativa deberá realizarse por medio da aplicación informática Fides: <https://fides.xunta.gal/>, no epígrafe de "inscripción en procesos selectivos". Para isto, a persoa aspirante accederá ao proceso no cal desexa formular reclamación, no epígrafe "Qué podo facer?", "presentación alegacións". Non se admitirán as alegacións que se realicen por outro medio.

Para máis información consulte <https://www.xunta.gal/funcion-publica/procesos-selectivos/xeracion-de-solicitudes/alegacions>

Santiago de Compostela, Xullo de 2024